



Concello de Baleira

BANDO

Angel Enrique Martínez-Puga López, Alcalde-Presidente do Concello de Baleira

INFORMA:

Que de conformidade co artigo 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora de estrutura territorial agraria de Galicia (en adiante METAGA), vaise someter ó trámite de información pública o estudo previo de iniciación da zona de reestructuración parcelaria de Retizós, no Concello de Baleira (Lugo), promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

No prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación do anuncio no Diario Oficial da Galicia, a documentación estará dispoñible ó público para a súa consulta no Concello, así como na páxina Web da Consellería do Medio Rural, tal e como determina o artigo 9 da METAGA.

Durante este prazo as persoas interesadas poderán realizar as achegas que consideren oportunas, mediante escrito dirixido á Directora Xeral de Desenvolvemento Rural, por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As achegas recibidas serán analizadas polo servizo provincial competente e, no seu caso, incorporadas na redacción final do estudo previo de iniciación.

Posto que nas vindeiras datas vaise publicar o anuncio polo que se somete a información pública o estudo previo de iniciación no DOG, poño á disposición de tódolos veciños/as afectados un enlace para a descarga da documentación que integra o estudo previo de iniciación, co fin de que poida ser obxecto de consultas por aquelas persoas interesadas.

<https://amtebox.xunta.gal/index.php/s/L5Gxn3rQMNK3okk>

Baleira, xullo de 2025

O Alcalde

Asdo. Ángel Enrique Martínez-Puga López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Baleira

